

Número de expediente: 1 - 2022

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDIACIÓN, DO SERVIZO DE MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, MOBILIARIO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACCESORIOS PARA AS FERIAS DO ANO 2022 DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE - EXPOURENSE.

ÍNDICE

- 1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN**
 - 1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
 - 1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO
 - 1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE
 - 1.4. RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN
 - 1.5. XURISDICIÓN COMPETENTE

- 2. ELEMENTOS DO CONTRATO**
 - 2.1. OBXECTO DO CONTRATO
 - 2.2. VARIANTES OU OFERTAS INTEGRADORAS
 - 2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE HAI QUE SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS
 - 2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE/ UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE
 - 2.5. DURACIÓN DO CONTRATO

- 3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE**
 - 3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO

- 3.2. REVISIÓN DE PREZOS
- 3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO
- 3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE

4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

- 4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS
- 4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS

5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN.

6. LICITACIÓN

- 6.1. DOCUMENTACIÓN
- 6.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN
- 6.3. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)
- 6.4. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR (SOBRE B)
- 6.5. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE FÓRMULAS (SOBRE C)
- 6.6. PRESENTACIÓN DE MOSTRAS

7. ADXUDICACIÓN

- 7.1. MESA DE CONTRATACIÓN
- 7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, SOBRE A
- 7.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR (SOBRE B).
- 7.4. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A UTILIZACIÓN DE FÓRMULAS (SOBRE C)
- 7.5. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
- 7.6. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN
- 7.7. GARANTÍA DEFINITIVA.
- 7.8. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- 7.9. NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

7.10. DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

8. FORMALIZACIÓN CONTRATO. PRAZO E CONTIDO

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1. FORMA DE EXECUCIÓN

9.2. PRAZO DE EXECUCIÓN/ENTREGA E PRÓRROGA DO CONTRATO

9.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

9.4. GASTOS DE ENTREGA E RECEPCIÓN. OUTROS GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

9.5. RESPONSABLE DO CONTRATO

9.6. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO

9.7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

9.8. PROPIEDADE INTELECTUAL E INDUSTRIAL

9.9. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

9.10. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

9.11. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES

9.12. FORMA DE PAGAMENTO

9.13. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

10. SUCESIÓN DA PERSOA DO CONTRATISTA

11. CESIÓNS DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

11.1. CESIÓN DO CONTRATO

11.2. SUBCONTRATACIÓN

12. EXTINCIÓN DO CONTRATO

12.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

12.2. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

12.3. GARANTÍA DA SUBMINISTRACIÓN

12.4. DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

ANEXOS

Anexo I. Orientacións para cubrir o DEUC

Anexo II. Declaración complementaria

Anexo III. Modelo de proposición económica e técnica (referida a criterios avaliados a través de fórmulas matemáticas)

Anexo IV. Modelo de declaración responsable sobre a inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados

1.1 RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

A contratación que se vai a realizar tipifícase como contrato de subministración de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 16 e 25 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), e queda sometida á dita lei.

Este prego constitúe o conxunto de instrucións, normas e especificacións que, xunto coas establecidas no correspondente prego de prescricións técnicas, rexerán nesta contratación. En todo o non previsto nos pregos, estarase ao disposto na normativa que de seguido se cita:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non contradiga as normas anteriores.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todo o que non contradiga as normas anteriores.

No non previsto na anterior normativa, e as súas disposicións de desenvolvemento, supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

En caso de discrepancia entre este prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá este prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime o contratista da obrigaón do seu cumprimento.

No suposto de cofinanciamento con fondos europeos, este contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

No caso de financiarse o contrato con cargo a fondos comunitarios, este quedará suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas co dito fondo. En particular, deberán respectarse as disposicións pertinentes do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Na letra B.4 do cadro de características do contrato sinalarase o fondo e o regulamento de aplicación.

1.2 TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A tipificación do presente contratación sinalase no cadro de característica.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP farase constar no título do contrato e na portada deste prego. Nese caso só poderán presentarse os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral que acrediten ante o órgano de contratación que dispoñen de tal cualificación.

1.3 PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

Para a adxudicación desta contratación aplicarase o **procedemento aberto** conforme o disposto nos **artigos 131 e 156 a 158** da LCSP.

1.4 RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.4.1 As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, suspensión e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación.

1.4.2 Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á

interposición do contencioso-administrativo as actuacións relacionadas no número 2 do artigo 44 da LCSP, cando se refiran contratos de subministración que pretendan concertar as administracións públicas ou as restantes entidades que teñan a condición de poderes adjudicadores cuxo valor estimado sexa superior ao importe fixado na letra a) do artigo 44.1 da LCSP.

Poderán ser obxecto do recurso as seguintes actuacións (Art. 44.2 da LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos que se acorde a admisión ou inadmisión de licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP.
- c) Os acordos de adxudicación.
- d) Os acordos de modificación contractual baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación

Non se dará este recurso en relación cos procedementos de adxudicación que se sigan polo trámite de emerxencia regulado no artigo 120 da LCSP.

Contra as actuacións mencionadas no artigo 44 da LCSP como susceptibles de ser impugnadas mediante o recurso especial, non procederá a interposición de recursos administrativos ordinarios.

A interposición do recurso especial en materia de contratación é potestativa e pode acudirse alternativamente á vía contencioso-administrativa. O recurso especial en materia de contratación será de balde para os recorrentes. Deberá interpoñerse ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, que ten atribuídas as súas funcións pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e con data de comezo no exercicio das súas funcións o 2 de abril de 2018, tal día incluído, de conformidade co establecido na Resolución do 1 de marzo de 2018, pola que se dá publicidade do acordo do Tribunal sobre a data de comezo de exercicio das súas funcións (DOG nº 45, do 5 de marzo de 2018).

1.4.3 Os actos que se ditén nos procedementos de adxudicación de contratos administrativos que non reúnan os requisitos do apartado 3.2 poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento

administrativo común das Administracións Públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

1.5 XURISDICIÓN COMPETENTE

1.5.1 A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción do contrato administrativo, derivado deste expediente, será competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa (Art. 27 da LCSP). Tamén as que se susciten en relación coa preparación e adxudicación dos contratos privados das Administracións públicas e as impugnacións das modificacións nos termos do disposto no art. 27.1 b) e c) da LCSP.

1.5.2 Tamén coñecerá a dita orde xurisdicional contencioso-administrativa dos recursos interpostos contra as resolucións que diten os órganos de resolución de recursos previstos no artigo 44 da LCSP.

2 ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1 OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste concurso é a contratación para o deseño, montaxe e desmontaxe posterior, de stands para 10 feiras previstas durante o ano 2022, que se enuncian a continuación de acordo coas características que figuran no prego de prescricións técnicas que se unen como anexo ao presente prego.

- Previsel “Salón da Prevención e Seguridade Laboral”. Data: 16 e 17 de marzo
- Mostra da Oportunidade. Data: 8 ao 10 de abril..
- Car Outlet. Data: 6 ao 8 de maio.
- Funergal “Feira internacional de produtos e Servizos funerarios”.Data: 19 e 20 de maio
- Sportur Galicia “Feira do Deporte e Turismo Activo”. Data: 3 e 4 de xuño.
- Termatalia “Feira Internacional do Turismo Termal”. Data: 29 e 30 de setembro.
- Salón do Automóbil – Vehículo Novo. Data: 14 ao 16 de outubro.
- Salón del Automóbil - Vehículo de Ocasión. Data: 21 ao 23 de outubro.
- Xantar “Salón internacional de Turismo Gastronómico”. Data: 9 ao 13 de novembro
- Antiq Auria “Feira Internacional de Antigüidades”. Data: 25 e 27 de novembro.

2.2 VARIANTES OU OFERTAS INTEGRADORAS

Cando así se indique na letra J do cadro de características do contrato, admitirase a presentación de variantes ou de ofertas integradoras sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan.

2.3 NECESIDADES ADMINISTRATIVAS QUE HAI QUE SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS

Son as sinaladas no punto “NECESIDADE E IDONEIDADE DO CONTRATO” do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

2.4 REFERENCIA DO EXPEDIENTE/UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA/PERFIL DO CONTRATANTE

2.4.1 O órgano de contratación é o que se indica na portada deste prego e o seu perfil do contratante está aloxado na páxina web: www.expourense.org onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia deste procedemento.

2.4.2 O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta. Así mesmo ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polo contratista durante a execución do contrato, nos termos e límites sinalados na LCSP.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

2.5 DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato, o prazo de execución total, os prazos de execución parciais, se fora o caso, ou a data de inicio da subministración son os que figuran na letra C do cadro de características do contrato. Son indicativos e poderán ser modificados, se fora o caso, como consecuencia da licitación.

3 VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE

3.1 VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO. SISTEMA DE DETERMINACIÓN DO PREZO DO CONTRATO

3.1.1 O orzamento máximo de licitación desta contratación, excluído o IVE que debe soportar a Administración, figura na letra A do cadro de características do contrato, e poderá ser modificado á baixa como consecuencia da licitación. Indícase, así mesmo, o importe correspondente ao IVE e o importe total do contrato, IVE incluído.

3.1.2 No suposto de prezo a tanto global, a letra A.1 indicará o orzamento máximo de licitación.

3.1.3 No suposto de prezo referido a unidades de execución ou de tempo e importe total indeterminado, a letra A.1 indicará os prezos máximos unitarios de licitación, así como o orzamento de gasto máximo ou indicativo que se prevé para o contrato. O gasto efectivo estará condicionado polas necesidades reais da Fundación que, por tanto, non queda obrigada a levar a efecto unha determinada contía de unidades nin a gastar a totalidade do importe indicado.

Ademais, por tratarse dun importe meramente indicativo, as necesidades reais poderán determinar un incremento deste, caso en que, nos contratos a que fai referencia a disposición adicional 33 da LCSP, deberá tramitarse a correspondente modificación do contrato. A dita modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

3.1.4 No suposto de que se utilice outro sistema de determinación do prezo do contrato, indicarase o dito sistema na letra A.1, así como o orzamento de gasto máximo que se prevé para o contrato.

3.1.5 No suposto de licitación por lotes, a letra A.2 desagregará o orzamento máximo de licitación por cada un dos lotes e indicará o orzamento de gasto máximo da totalidade dos lotes.

3.1.6 As anualidades en que se distribúe o gasto, así como o financiamento do contrato, no caso de financiamento conxunto, constarán na letra B do cadro de características do contrato.

O órgano de contratación ten a facultade de reaxustar as anualidades cando as esixencias de execución o aconsellen.

3.1.7 O valor estimado do contrato, calculado de conformidade co artigo 101 da LCSP, é o que figura na letra A.3 do cadro de características do contrato.

3.1.8 O sistema de determinación do prezo do presente contrato é o referido no apartado A do cadro de características.

3.2 REVISIÓN DE PREZOS

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable a esta contratación, así como o seu sistema de aplicación, se fora o caso, indícanse na letra G do cadro de características do contrato, de acordo co previsto nos artigos 103 a 105 da LCSP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

3.3 EXISTENCIA DE CRÉDITO

Dispónse do crédito orzamentario preciso para atender as obrigacións que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

En caso de tramitación anticipada do gasto, a adxudicación do contrato sométese á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente para facer fronte ás obrigacións derivadas do contrato.

A consignación orzamentaria das obrigacións económicas que derivan do presente contrato figura na letra B do cadro de características do contrato.

3.4 GASTOS DE PUBLICIDADE

De conformidade co sinalado na letra O do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

No caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimentos europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten exixibles en cumprimento das obrigacións de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido exixibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exixible serán especificados polo órgano de contratación.

4 CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1 CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

4.1.1 Segundo o disposto no artigo 65.1, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean

comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCAP

Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga. O dito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente. **Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.**

4.1.2 No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse a esta licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten ante o órgano de contratación dispor de tal cualificación.

4.1.3 Respecto á concorrencia á licitación daquelas empresas que participasen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, estarase ao disposto no artigo 70 da LCSP.

4.1.4 Se durante a tramitación do procedemento e antes da formalización se produce unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial ou dunha rama da actividade, sucederá á empresa licitadora na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións exixidas neste prego para poder participar no procedemento de adxudicación.

4.2 UNIÓNS DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a

súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 RXLCAP.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións ás que se refire o presente artigo, poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estiveran inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Segundo o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

5 SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN

5.1 A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixible, se for o caso, neste contrato, acreditarase polos medios que se indican na letra F do cadro de características do contrato, na cal constan os criterios de selección e os requisitos mínimos para a súa acreditación.

Na letra F do cadro de características do contrato deste prego indícase se é obrigatoria ou non a acreditación de solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

Ao tratarse dun contrato de subministración, non se exige clasificación das empresas.

5.2 Ademais da solvencia exixida, se for o caso, nos números 2 a 4 da letra F, o órgano de contratación pode exixir a adscrición á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais que se indican na letra F.5. Se non se indica nada, enténdese que non existen exixencias adicionais.

Nos supostos en que se sinalase algunha exixencia na letra F.5 do cadro de características do contrato, e así se indique expresamente, no presente contrato exíxese, de conformidade

co artigo 76 da LCSP, que os licitadores concreten as condicións de solvencia mediante:

- A especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación; e/ou
- O compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente.

Neste caso, o órgano de contratación pode atribuír a estes compromisos o carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da LCSP ou establecer penalidades de conformidade co artigo 192.1 da LCSP e a cláusula 9.15 deste prego.

Estes documentos deberán detallarse na súa oferta e deben presentarse xunto coa documentación acreditativa da súa solvencia.

5.3 Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional a través dos medios de xustificación que figuran nos números 2 e 3 da letra F do cadro de características deste prego.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, tal como se indica na letra F.4 do cadro de características do contrato.

A acreditación da solvencia poderá realizarse ou completarse cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en adiante ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante RXC-Galicia), que achegue o licitador.

5.4 Segundo o disposto no artigo 97.1 da LCSP, os certificados de inscrición expedidos polos órganos competentes que levan as listas oficiais de empresarios autorizados para contratar establecidas polos Estados membros da Unión Europea, referidos a empresarios establecidos no Estado membro que expide o certificado, constituirán unha presunción de aptitude con respecto aos requisitos de selección cualitativa que neles figuren.

Igual valor presuntivo surtirán, respecto dos extremos neles certificados, as certificacións emitidas por organismos de certificación competentes que respondan ás normas europeas de certificación expedidas de conformidade coa lexislación do Estado membro en que este establecido o empresario (art. 97.2 da LCSP).

5.5 No caso dos contratos suxeitos a regulación harmonizada, o órgano de contratación poderá exixir, na letra F.3 do cadro de características deste prego, a acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade ou de xestión ambiental, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LCSP.

5.6 No suposto en que se exixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización da actividade ou prestación obxecto do contrato, poderá especificarse esta na letra F.6 do cadro de características do contrato. En calquera caso o licitador é responsable de estar en posesión e poder acreditar que conta coas habilitacións exixidas pola normativa que sexa de aplicación.

5.7 O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

6 LICITACIÓN

6.1 DOCUMENTACIÓN

6.1.1 A documentación facilitarase en formato electrónico a través do perfil do contratante de Expourense (www.expourense.org). Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e a documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación.

6.1.2 Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderán solicitar – cunha antelación mínima de doce días naturais antes da fin de prazo de presentación das ofertas – as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, dirixindo a consulta ao enderezo de correo electrónico sinalado na portada deste prego e no perfil do contratante. A Administración debe facilitar a información, ao menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCPG).

6.1.3 As proposicións constarán de dous ou tres sobres, en función dos criterios de adxudicación e a súa forma de avaliación, de conformidade coas regras seguintes:

6.1.3.1 Nos casos en que só haxa criterios avaliados mediante a utilización de fórmulas, deberanse presentar un total de dous sobres.

O sobre nº 1 deberá ter o seguinte título: **“Sobre A: documentación xeral”**.

O sobre nº 2 deberá ter o seguinte título: **“Sobre B: criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas matemáticas”**.

6.1.3.2 Nos casos en que, ademais de criterios de adxudicación avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas, haxa criterios que sexan avaliados mediante un xuízo de valor, deberanse presentar un total de tres sobres.

O sobre nº 1 deberá ter o seguinte título: **“Sobre A: documentación xeral”**.

O sobre nº 2 deberá ter o seguinte título: **“Sobre B: criterios avaliados mediante xuízos de valor”**.

O sobre nº 3 deberá ter o seguinte título: **“Sobre C: criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas matemáticas”**.

As indicacións de sobre A (documentación xeral), B (documentación relativa a criterios avaliados mediante un xuízo de valor) e C (documentación relativa a criterios avaliados mediante a utilización de fórmulas matemáticas), respectivamente, deberán figurar na parte superior deles, e nos seus centros constará a lenda:

“Proposición para tomar parte na contratación da subministración: – (deberase indicar neste espazo a denominación do contrato)- (Expediente -(deberase consignar o código)-”.

6.1.4 En tanto o órgano de contratación non dispoña dos medios informáticos axeitados para permitir, coas debidas garantías, a utilización de medios electrónicos na totalidade das fases do procedemento, a documentación presentarse en papel da seguinte maneira:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación, no seu exterior, do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente cerrados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- Ademais, os licitadores que se encontren inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público deberán facelo constar no exterior do sobre A (con indicación do número de inscrición do rexistro galego, se é o caso).

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no ROLECSP ou no RXC-Galicia poderán ser incorporadas de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

6.1.5 Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas á totalidade da subministración obxecto do contrato. Non obstante, se hai lotes, os interesados poderán presentar ofertas referidas a un, a varios ou á totalidade dos lotes, salvo que na letra B3 do

cadro de características do contrato se limite o número de lotes a que se poden presentar. Os interesados especificarán no exterior do sobre B, se for o caso, a oferta correspondente a cada lote.

6.1.6 Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, ou do lote ou lotes a que licite. Cando se permita a presentación de variantes ou de ofertas integradoras na letra J do cadro de características do contrato, as variantes que inclúa na súa oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

6.1.7 O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación. No suposto en que haxa lotes, esta prohibición tamén será de aplicación en relación con cada lote da licitación.

6.1.8 O incumprimento das normas contidas nos dous números anteriores dará lugar á non admisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

6.1.9 A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

6.1.10 Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración complementaria do DEUC (anexo II deste prego) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase improcedente. Unicamente poderá estenderse a documentos que teñan unha difusión restrinxida, e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algún/s dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 12 do Regulamento xeral da Lei de contratos do sector público,

aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro. Estes documentos son aqueles a que fan referencia os artigos 87 a 95 da LCSP, nos cales se enumeran os medios para acreditar a solvencia dos licitadores.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais e da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.
- Os licitadores deberán identificar os documentos achegados na súa oferta que teñan tal carácter deixando constancia disto (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.
- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

O deber de confidencialidade non poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados tales como as empresa coas que se ten contratado

e subcontratado e, en todo caso, as partes esenciais da oferta e as modificacións posteriores do contrato, respectando en todo caso o disposto no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de Protección de Datos Persoais e da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (Art. 133 da LCSP).

6.1.11 As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deberán concorrer na data de finalización do prazo de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

6.1.12 Toda a documentación que presenten os licitadores deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme a lexislación vixente na materia, excepto o documento acreditativo da garantía provisional, se fose o caso, que deberá achegarse en orixinal.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

6.2 LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.2.1 As proposicións presentaranse na forma indicada nos números seguintes, no lugar e prazo sinalados no punto I do cadro de características do presente prego, no anuncio de licitación e no perfil do contratante (www.expourense.org).

6.2.2 Os sobres entregaranse no rexistro do órgano de contratación que se sinala na letra I do cadro de características do presente prego, no enderezo e horario sinalados. As oficinas receptoras darán recibo de cada proposición ao presentador, en que constará o nome do licitador, a denominación do contrato obxecto da licitación e o día e hora da presentación. Unha vez entregada a proposición no rexistro, non poderá ser retirada.

6.2.3 Como alternativa á presentación no rexistro, os licitadores poderán enviar as proposicións por correo. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de Correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou correo electrónico, no mesmo día, tal e como se indica no punto I do cadro de características. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data en que finaliza o prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, porén, os dez días naturais seguintes á data indicada sen recibirse a

proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez remitida a proposición por correo, non poderá ser retirada.

6.3 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE A: Documentación xeral para tomar parte na contratación do servizo de montaxe, mantemento e desmontaxe de stands, moqueta, tarima, mobiliario e prestación de servizos accesorios para as feiras do ano 2022 da “Fundación Feiras e Exposicións de Ourense – Expourense” (Expte. 1-2022).**

O seu contido será o seguinte:

6.3.1 Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Para tal fin, os licitadores deberán achegar o DEUC (documento europeo único de contratación).

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituindo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse a el en formato electrónico en <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espdl/filter?lang=es>. O formulario, dispoñible en castelán, poderá, nese sitio, cubrirse e imprimirse para enviar ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Tamén pode accederse ao formulario DEUC na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta consultiva de contratación administrativa, en formato .odt:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/é/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Para facilitar a súa formalización, o ANEXO I contén instrucións para elaborar o formulario DEUC.

No caso de que o licitador recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co artigo 75 da LCSP, cada unha delas deberá presentar un DEUC.

Cando dúas ou máis empresas acudan a unha licitación constituíndo unha unión temporal, cada un dos empresarios que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia presentando, cada un deles, un DEUC. Tamén presentarán un compromiso de constitución de unión temporal de empresarios (UTE) indicando, en documento privado, os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse formalmente en UTE, caso de resultar adxudicatarios (artigo 69 da LCSP e 24 do RXLCAP). Presentarán tamén a designación dun representante ou apoderado único da unión con poder suficiente para exercer os dereitos e cumprir as obrigacións que do contrato deriven ata a súa extinción, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobramentos e pagamentos de contía significativa. O documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da UTE.

Ao DEUC deberá sempre xuntarse a declaración complementaria que se xunta ao presente prego como **ANEXO II**.

6.3.2 Declaración dos lotes a que se concorre. Se o contrato admite a súa división en lotes, o licitador deberá expresar, mediante unha declaración, o lote ou lotes a que presenta a súa oferta. O órgano de contratación poderá limitar o número de lotes a que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta, así como limitar o número de lotes que poden ser adxudicados a cada licitador. Tal información farase constar na letra B.3 do cadro de características deste prego.

6.3.3 Constitución da garantía provisional, se procede. Salvo que na letra H.1 do cadro de características deste prego se indique que non procede, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional polo importe alí fixado, que corresponderá como máximo ao 3 % do orzamento base de licitación (IVE excluído).

No caso de existiren lotes, e así se indicara expresamente, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional que corresponderá, como máximo, ao 3 % do orzamento establecido para o lote ou lotes a que se licite, IVE excluído, na letra A.3 do cadro de características do contrato. Neste caso, o xustificante da garantía provisional debe ir acompañado dunha relación detallada dos lotes aos cales se licita.

A garantía provisional poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 106.3 da LCSP. A tal fin, se se constituí en efectivo debe depositarse ante a Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia (Na sede de Santiago de Compostela da Consellería de Facenda ou nas Delegacións provinciais da Axencia Tributaria de Galicia-ATRIGA).

No suposto de unións temporais de empresas, a garantía provisional poderá constituírse por unha ou varias das empresas participantes na unión sempre que en conxunto se alcance a contía exixida e se garanta solidariamente a todos os integrantes da unión.

6.3.4 No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional

cuarta da LCSP os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral deberán acreditar que dispoñen de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

6.3.5 Ademais, cando así se exixise na letra Q do cadro de características deste prego, este sobre tamén conterá a declaración sobre a intención de celebrar subcontratos a que se refiren os artigos 29.3.b da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e 215.2 a) da LCSP, sinalando o seu importe, o nome e o perfil empresarial definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

6.4 DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (SOBRE B)

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE B: documentación relativa aos criterios non avaliados automaticamente para tomar parte na contratación do servizo de montaxe, mantemento e desmontaxe de stands, moqueta, tarima, mobiliario e prestación de servizos accesorios para as feiras do ano 2022 da “Fundación Feiras e Exposicións de Ourense – Expourense” (Expte. 1-2022).**

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

- Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre
- A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados por xuízos de valor que se indican na letra C do cadro de criterios de adxudicación do contrato.

Esta documentación, que deberá estar asinada, incluírase no sobre B, de acordo co establecido na letra C do cadro de criterios de adxudicación do contrato.

Se o licitador non achega a documentación relativa a algún destes criterios de adxudicación, ou esta non contén todos os requisitos exixidos, a proposición do dito licitador non será valorada respecto do criterio de que se trate.

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas non debe incluírse nos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliados mediante un xuízo de valor. A infracción deste mandato dará lugar á exclusión do licitador.

A inclusión de documentación relativa aos criterios de adxudicación que sexan avaliados mediante un xuízo de valor nos sobres que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliados de forma automática mediante a aplicación de fórmulas dará lugar á non valoración da dita documentación.

6.5 DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (OFERTA ECONÓMICA) (SOBRE C)

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE C: documentación relativa aos criterios avaliados automaticamente (oferta económica) para tomar parte na contratación do servizo de montaxe, mantemento e desmontaxe de stands, moqueta, tarima, mobiliario e prestación de servizos accesorios para as feiras do ano 2022 da “Fundación Feiras e Exposicións de Ourense – Expourense” (Expte. 1-2022).**

Neste sobre incluírase a seguinte documentación:

- Unha relación de todos os documentos incluídos neste sobre.
- A documentación acreditativa da oferta en cada un dos criterios avaliados por fórmulas matemáticas que se establecen no apartado C do cadro de criterios de adjudicación do contrato. No seu caso, a proposición económica se axustará ao modelo establecido que se xunta como anexo III deste prego.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para isto, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos, para unha interpretación correcta dela.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido en letra. Indicarase o importe IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta.

Esta mesma información farase constar, de forma desagregada, no caso de que haxa lotes ou de que se trate dunha licitación con prezos unitarios.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, de ser o caso, dentro dela a presentación de variantes (letra J do cadro de características).

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A oferta presentárase sen omisións, erros ou riscadas que dificulten coñecer claramente o que a Administración xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

6.6 PRESENTACIÓN DE MOSTRAS

6.6.1 Cando así se faga constar no apartado K do cadro de características, para tomar parte na licitación as empresas presentarán unha mostra dos bens ou produtos tal e como vaian a entregarse.

6.6.2 Todos os paquetes que conteñan as mostras deberán levar, en lugar visible, unha etiqueta identificativa, na que se especificará:

- Documentación técnica: mostras
- Denominación e número do expediente de contratación
- Nome do contratista e número de vultos que compón o envío da mostra.

Igualmente deberán etiquetarse todas e cada unha das mostras entregadas, indicando, ademais a empresa e, no caso que así proceda, o número de variante ou lote que corresponda.

6.6.3 No caso de que se especifique un lugar de entrega no apartado K da folla de especificacións, e non coincidise co da documentación que integra a proposición, as mostras deberán entregarse e depositarse no lugar distinto que se indicara, en todo caso dentro do prazo de presentación das proposicións. Ao depositante entregaráselle un recibo que acredite a data e hora en que se realice o depósito das mostras presentadas, conservando a Administración copia asinada polo depositante.

6.6.4 As mostras deberán cumprir a norma de embalaxe que determine o prego de prescricións técnicas.

6.6.5 As mostras presentadas polas empresas que non resultasen adxudicatarias, deberán ser retiradas, previa presentación do correspondente recibo, no prazo de trinta días contados a partir do seguinte á notificación da resolución de adxudicación, salvo aquelas que o órgano de contratación considere oportuno reter, por haberse interposto recurso, reclamación ou existir calquera outra incidencia contractual.

6.6.6 As mostras presentadas polos adxudicatarios non poderán ser retiradas ata que se efectúe a recepción da subministración. Unha vez efectuada a entrega, o adxudicatario disporá de trinta días, a partir da firma da última acta de recepción, para solicitar por escrito do órgano de contratación autorización para a retirada das mostras.

6.6.7 Transcorridos os prazos anteriores, as mostras quedarán a disposición do órgano de contratación, que quedará exento de toda responsabilidade sobre elas.

6.6.8 As mostras non poderán incorporarse como unidades da subministración, salvo autorización expresa do órgano de contratación.

7 ADXUDICACIÓN

7.1 MESA DE CONTRATACIÓN

7.1.1 O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 326 da LCSP e o artigo 21 do Real decreto 817/2009.

7.1.2 A composición da mesa publicárase no perfil do contratante, con indicación dos cargos dos seus membros.

7.1.3 A mesa poderá estar asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, por requirimento desta.

7.2 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, SOBRE A

Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a mesa de contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación administrativa, en función dos requisitos exixidos. Se a mesa observa erros ou omisións emendables, **concederá un prazo de tres días para emendalos**, de conformidade co disposto polo artigo 141.2 da LCSP..

A documentación requirida deberá ser entregada, en todo caso, no rexistro especificado na letra I do cadro de características do contrato.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse.

Respecto ao declarado no DEUC ou na documentación complementaria do sobre A, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato. Esta documentación deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise o requirimento.

Os operadores económicos poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información exixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se compren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.

7.3 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (SOBRE B)

Na data indicada, no lugar e hora sinalados no anuncio de licitación, a mesa de contratación reunirse para a realización das seguintes actuacións:

- De ser o caso, revisión da documentación relativa á emenda de defectos ou omisións.
- Adopción dos oportunos acordos sobre admisión ou exclusión dos licitadores.

En acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura do anuncio público do procedemento.
- Lectura do número de proposicións recibidas e da identidade dos licitadores.
- Lectura dos resultados da cualificación da documentación administrativa, con expresión das proposicións admitidas, das rexeitadas e causa ou causas de inadmisión destas últimas.
- Invitación aos asistentes para que comprobem, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións se encontran na mesa e en idénticas condicións a como foron entregados.
- Apertura dos SOBRES B dos licitadores admitidos, que conteñen a documentación relativa aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor.
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactará unha acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, ao menos, polo presidente/a e o/a secretario/a.

A mesa de contratación solicitará cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a avaliación da documentación presentada polos licitadores.

7.4 APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (SOBRE C)

A avaliación do contido do SOBRE B realizarase, en todo caso, antes da apertura do sobre C e deixarase constancia documental disto, tal e como se establece no parágrafo segundo do artigo 146 da LCSP.

A data, a hora e o lugar en que terá lugar a mesa de apertura do SOBRE C publicarase no perfil de contratante.

No acto público realizaranse as seguintes actuacións:

- Lectura dos resultados da avaliación do contido do SOBRE B dos licitadores.
- Invitación aos asistentes para que comprobem, se o desexan, que os sobres que conteñen as proposicións se encontran na mesa e en idénticas condicións que foron entregados.

- Apertura dos SOBRES C dos licitadores admitidos.
- Lectura das ofertas.
- Invitación aos asistentes a que expoñan cantas observacións consideren oportunas.

O/a secretario/a redactará a acta que recollerá sucinta e fielmente o acontecido, e será asinada, ao menos, polo presidente/a e o/a secretario/a.

A mesa de contratación examinará a documentación contida nos sobres e pode solicitar cantos informes técnicos considere pertinentes para realizar a súa avaliación.

7.5 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

O órgano de contratación acordará a adxudicación mediante a aplicación dos criterios sinalados no cadro de criterios de adxudicación deste prego.

O órgano de contratación poderá establecer na letra L do cadro de características deste prego os parámetros obxectivos en virtude dos cales se entenderá que as ofertas presentadas non poden ser cumpridas por atoparse incursas en presunción de anormalidade.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa, deberá darse audiencia ao licitador afectado e tramitarse o procedemento previsto no artigo 149.4 da LCSP.

O órgano de contratación rechazará en todo caso as ofertas incursas en presunción de anormalidade cando comprobe que son anormalmente baixas por vulnerar a normativa sobre subcontratación ou non compren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

7.6 CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

7.6.1 A mesa de contratación clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas e que non fosen declaradas anormalmente baixas, para despois elevar a correspondente proposta ao órgano de contratación (art. 150.1 da LCSP). Para realizar a dita clasificación, atenderá aos criterios de adxudicación sinalados no prego e pode solicitar para isto cantos informes técnicos xulgue pertinentes.

7.6.2 No caso de contratación por lotes, o órgano de contratación poderá establecer na letra B.3 do cadro de características do contrato unha limitación na adxudicación dos lotes a un mesmo licitador garantindo que poidan realizarse de acordo coas condicións de solvencia que acredítase. Para tal fin, na mesma letra estableceranse as regras que se van

aplicar na súa determinación.

7.6.3 No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis vantaxosas desde o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación, a proposta de adxudicación realizarase a favor do licitador que acreditase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinalaron na letra M do cadro de características que acompaña a este prego.

7.6.4 Se, a pesar de todo isto, aínda persiste a igualdade, o adxudicatario será seleccionado mediante un sorteo, que se levará a cabo en acto público.

7.6.5 En atención ao disposto no artigo 150.1.terceiro parágrafo da LCSP, se no exercicio das súas funcións a mesa de contratación tivese indicios fundados de condutas colusorias trasladarao, dando conta ao órgano de contratación, á Comisión Galega da Competencia, con efectos suspensivos no procedemento de contratación. Igualmente o artigo 23.2 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala que o órgano de contratación notificará á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituír infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicará calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación

7.6.6 Unha vez que a mesa determine a mellor oferta, os servizos correspondentes **requirirán ao licitador** seleccionado para que, dentro do prazo de 10 días hábiles (5 días se é un procedemento urgente) contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, **presente a documentación acreditativa do cumprimento de requirimentos previos para contratar coa Administración que declarou no DEUC:**

a) A personalidade xurídica do empresario e, se fose o caso, a súa representación. Para isto presentárase o documento nacional de identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas, deberán presentar escritura de constitución e de modificación, se for o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito sexa exixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o é, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, se for o caso, no correspondente rexistro oficial que sexa preceptivo.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento en que conste que o poder é declarado bastanteado por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, en caso de que actuase en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán acreditar a súa capacidade de obrar

pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante presentación de certificación ou declaración xurada nos termos que se establezan regulamentariamente.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa orixe admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

b) A documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica, declarada no DEUC, de conformidade co sinalado na cláusula 3 deste prego de cláusulas administrativas particulares.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme o sistema de acreditación previsto no número anterior. Acumularanse, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos integrantes dela, de conformidade coas condicións previstas no artigo 69 da LCSP.

c) Documentación xustificativa de dispor efectivamente dos medios que, de ser o caso, se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme o artigo 150.2 da LCSP. Deberanse concretar as persoas que se correspondan co número e perfís dos integrantes do grupo de traballo ofertado (xuntando currículo, titulación e experiencia). Se se trata de medios persoais que formen parte do seu persoal, remitiranse os documentos TC2 ou equivalentes en que así conste. Para o caso de que se trate de persoas que nese momento non formen parte do persoal da empresa, deberán achegar un compromiso firmado por ambas as partes de que, de resultar adxudicatario, se incorporarán ao equipo de traballo.

d) Xustificante de ter aboado os gastos derivados da publicidade de conformidade co sinalado na letra O do cadro de características do contrato.

e) Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva que sexa procedente, en concreto, o xustificante de ter depositada a garantía definitiva na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia (na Consellería de Facenda ou Delegacións provinciais da ATRIGA), a favor do órgano de contratación, polo importe sinalado no apartado H do cadro de características do prego.

Se o candidato está inscrito no ROLECSP ou no RXC-Galicia será eximido de achegar a documentación que nos ditos certificados se detalla, se for o caso:

- Personalidade e representación a que se refire a **letra a)** sempre e cando a representación sexa a mesma que conste no ROLECSP ou no RXC-Galicia.
- Escrituras de constitución. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega da dita documentación se é necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.
- Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica, que obre en poder do Rexistro.
- Documentación xustificativa de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións tributarias (coa Facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de estar dadas de alta no imposto sobre actividades económicas) e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

Neste caso, a proposición presentada polo candidato deberá ir acompañada dunha declaración responsable, segundo modelo que se establece como **ANEXO IV**, en que o candidato manifieste que as circunstancias reflectidas no ROLECSP ou no RXC-Galicia non experimentaron variación.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público **será incorporada de oficio** ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del.

Así mesmo, segundo dispón o artigo 28 da Lei 39/2015, no seu segundo parágrafo, os licitadores non estarán obrigados a achegar documentos que foran elaborados por calquera administración sempre que exprese o seu consentimento a que sexan consultados ou obtidos polo órgano tramitador, entendéndose que a dita consulta ou obtención está autorizada sempre pola persoa interesada, salvo que manifieste a súa oposición expresa.

Polo anteriormente exposto, **e salvo oposición expresa** que deberá comunicar a este órgano de contratación na documentación da súa oferta (**en concreto na declaración complementaria ao DEUC que se xunta como Anexo II**), quedará exento da obriga de presentar a documentación requirida nos artigos 140 e 150 da LCSP que a continuación se relaciona:

- NIF da persoa física ou xurídica
- NIF da/s persoa/s representante/s
- certificado de estar ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias da AEAT
- certificado de estar ao corrente coas obrigas coa Seguridade Social

- certificado de pagamento/exención do Imposto de Actividades económicas

Logo de recibir á documentación a que se refire esta cláusula, a Mesa comprobará a validez da antedita documentación, circunstancia da que deixará constancia na correspondente acta.

Tras o exame da documentación, se a Mesa entende que a dita documentación ten defectos emendables, comunicarao á empresa proposta como adxudicataria e **concederalle tres días** para a emenda dos ditos defectos.

Se transcorrido o dito prazo o erro non fora emendado, a oferta correspondente resultará excluída da licitación, procedéndose nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas, segundo o artigo 150.2 da LCSP.

De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo, entenderase que o licitador **retirou a súa oferta, procedéndose a exixirle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade**, que se fará efectivo, en primeiro lugar, contra a garantía provisional, se se tivese constituído (sen prexuízo do establecido no artigo 71.2 a) da LCSP respecto ás prohibicións de contratar.

Se a retirada da oferta ten a súa causa en ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos consonte ao artigo 141 da LCSP, o órgano de contratación iniciará o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición de contratar regulada no artigo 71.1 e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que á administración lle puidera corresponder.

Finalmente, producida a retirada da oferta por parte da persoa proposta coma adxudicataria, a Administración efectuará unha nova adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas, sempre que sexa posible e que o novo adxudicatario presente a súa conformidade. Seguidamente, procederase, de novo, de acordo co establecido na presente cláusula.

7.7 GARANTÍA DEFINITIVA

7.7.1 O adxudicatario está obrigado a constituír e poñer á disposición do órgano de contratación, a garantía definitiva do **cinco por cento** do prezo final ofertado, excluído o imposto sobre o valor engadido. En caso de que o prezo do contrato se formule en función de prezos unitarios, o importe da garantía definitiva calcularase atendendo ao orzamento base de licitación, IVE excluído (Art. 107 da LCSP).

7.7.2 A garantía poderá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP e será devolta ou cancelada de acordo co disposto no artigo 111 da LCSP.

7.7.3 Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o

prezo deste, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

7.8 ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos vinte días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A resolución da adxudicación debe ser motivada, do mesmo xeito que a licitación declarada deserta.

7.9 NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

A resolución de adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e en ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

- a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.
- b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitiu a súa oferta, incluídos, nos casos contemplados no artigo 126, apartados 7 e 8, os motivos da decisión de non equivalencia ou da decisión de que as subministracións non se axustan aos requisitos de rendemento ou ás esixencias funcionais; e unha desagregación das valoracións asignadas aos distintos licitadores, incluíndo ao adxudicatario.
- c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na disposición adicional décimoquinta da LCSP.

7.10 DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

A documentación persoal que presenten os licitadores que non resultasen adxudicatarios, poderá ser retirada por estes cando transcorran tres meses contados desde o día seguinte á notificación de adxudicación aos licitadores, agás que a administración considere oportuno

retela por estar pendente da resolución de reclamacións ou recursos ou porque exista algún outro incidente administrativo. Unha vez transcorrido o prazo para retirar a documentación, a administración disporá da documentación non retirada e quedará exenta de toda responsabilidade sobre ela.

8 FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO

8.1 O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao cal se unirá, formando parte do contrato, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do mesmo prazo e con anterioridade á sinatura do contrato, deberá achegar escritura pública de constitución como tal e o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O contrato deberá ser suscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, e o título será válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así o solicite o contratista, e os gastos derivados do seu outorgamento serán pola súa conta.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se pode formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración exixiralle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu, sen prexuízo do disposto no artigo 71.2.b) da LCSP en materia de prohibicións para contratar. Neste caso adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no artigo 150.2 da LCSP.

Se as causas de non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar.

Ao contrato incorporarase a declaración a que se refire as cláusulas 9.6 e 9.7 deste prego sobre **confidencialidade e protección de datos de carácter persoal**.

8.2 Cando o contrato implique o acceso do contratista a ficheiros que conteñan datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable no sentido do artigo 4.7) do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento, para os efectos establecidos na dita lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

O acceso non se considerará comunicación de datos, por ser necesario para a realización da prestación do obxecto do contrato.

En todo caso e cando o contratista teña acceso a ficheiros en que consten datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable, será necesario que no contrato, ou nun documento independente, se inclúan as cláusulas precisas co obxecto de regular o dito acceso, nos termos e co contido previstos no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos establecidos na disposición adicional 25 da LCSP.

8.3 As proposicións económicas presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente.

A documentación restante presentada polos licitadores que non resulten adxudicatarios, fóra da proposición económica, poderá ser retirada polos licitadores transcorridos tres meses contados desde o día seguinte ao da notificación da adxudicación aos licitadores, e durante o prazo de trinta días naturais, salvo que a Administración considere oportuno retela nos supostos de que interpoñan reclamacións ou recursos, ou exista algunha incidencia administrativa. Transcorrido o prazo para retirar a documentación, a Administración disporá da documentación non retirada polos licitadores e quedará exenta de toda responsabilidade sobre esta.

8.4 Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, conforme ao artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores. Unha vez transcorrido dito prazo sen que se tivera interposto recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato, requirirase ao adxudicatario para que formalice o contrato en prazo non superior a 5 días contados desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento.

Se o contrato non é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización efectuarase non máis tarde dos 15 días hábiles seguintes á aquel en que se realice a notificación da adxudicación aos licitadores.

Ao contrato que se formalice uniranse, como anexos, un exemplar deste prego de cláusulas administrativas e do prego de prescricións técnicas.

8.5 De conformidade co establecido no artigo 154 da LCSP, a formalización dos contratos deberá publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato no perfil de contratante do órgano de contratación.

Cando o contrato estea suxeito a regulación harmonizada, o anuncio de formalización deberá publicarse, ademais, no “Diario Oficial da Unión Europea”.

Non obstante, poderán non publicarse determinados datos relativos á celebración do contrato cando se considere, xustificándose debidamente no expediente, que a divulgación desa

información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, ou cando se trate de contratos declarados secretos ou reservados ou cuxa execución deba ir acompañada de medidas de seguridade especiais conforme á lexislación vixente, ou cando o exixa a protección dos intereses esenciais da seguridade do Estado e así se declarase de conformidade co previsto na letra c) do apartado 2 do artigo 19.

En todo caso, previa a decisión de non publicar uns determinados datos relativos á celebración do contrato, os órganos de contratación deberán solicitar a emisión de informe polo Consello de Transparencia e Bo Goberno a que se refire a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, no que se aprecie se o dereito de acceso á información pública prevalece ou non fronte aos bens que se pretenden salvagardar coa súa non publicación, que será evacuado nun prazo máximo de dez días.

Non obstante o anterior, non se requirirá o dito informe polo Consello de Transparencia e Bo Goberno en caso de que con anterioridade se tivese efectuado polo órgano de contratación consulta sobre unha materia idéntica ou análoga, sen prexuízo da xustificación debida da súa exclusión no expediente nos termos establecidos neste apartado.

9 EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1 FORMA DE EXECUCIÓN

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista está obrigado a cumprir coas condicións especiais en relación coa execución do contrato que, de conformidade co artigo 202 da LCSP, se establecesen na letra N do cadro de características do contrato deste prego.

O lugar de entrega será o indicado na letra R do cadro de características do contrato.

9.2 PRAZO DE EXECUCIÓN/ENTREGA E PRÓRROGA DO CONTRATO

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución/entrega do contrato que se recolle na letra C do cadro de características do presente prego.

Deberá realizarse a subministración obxecto do contrato no prazo máximo sinalado na letra C do cadro de características do presente prego ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se é menor.

O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207

da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato establézase un maior. Quedan exceptuados da obrigaón de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses. En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes. A prórroga do contrato establecida neste apartado non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por demorarse a Administración no abono do prezo máis de seis meses.

9.3 RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista (Art. 197 da LCSP).

Segundo o establecido no artigo 300 da LCSP, calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrera en mora ao recibilos.

Cando o acto formal da recepción dos bens sexa posterior á súa entrega, a Administración será responsable da custodia destes durante o tempo que transcorra entre unha e outra.

Unha vez se teñan recibidos de conformidade pola Administración bens ou produtos perecedoiros, será a Administración a responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos.

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para utilizar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias, dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e debendo indemnizar á Administración por todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións.

O contratista quedará obrigado con respecto ao persoal que empregue na fabricación, entrega, distribución, instalación e montaxe da subministración obxecto do contrato, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, de seguridade social e prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo vixentes durante a execución do contrato.

O contratista deberá indemnizar cantos danos e prexuízos cause a terceiros derivados da execución do contrato, salvo que fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración (art. 196 LCSP).

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá exixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

9.4 GASTOS DE ENTREGA E RECEPCIÓN. OUTROS GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

9.4.1 Salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar conviado serán de conta do contratista.

9.4.2 Se os bens non se atopan en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

9.4.3 Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adjudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que serán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser repercutido e soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resulten necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

9.4.4 No caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimento europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten exibibles en cumprimento das obrigacións de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido exibibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exibible serán especificados polo órgano de contratación.

9.5 RESPONSABLE DO CONTRATO

Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure neste prego, o órgano de contratación deberá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, e comprobará que a súa realización se axusta ao establecido

no contrato, adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. En particular, o responsable do contrato velará por que na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a Administración ou entidade do sector público e o persoal do contratista.

Desta forma, velará especialmente para que:

- a) O contratista proporcione a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- b) O contratista, a través das persoas encargadas designadas por el, se faga responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo, de tal maneira que a Administración ou entidade do sector público sexa allea a estas relacións laborais.
- c) Se canalicen a través das persoas encargadas designadas polo contratista as posibles incidencias que xurdan na execución dos traballos.

O responsable do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supor infracción das regras mencionadas, así como dar parte da situación ao órgano de contratación.

O responsable do contrato é o que figura na portada deste prego.

9.6 CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos e o seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle teña dado o referido carácter neste prego (letra X do cadro de características) ou no contrato ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa deberá presentar unha declaración responsable en que se comprometa á dita obriga contractual.

9.7 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se

fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais , e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, e será, así mesmo, de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta da LCSP e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratante e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del.

9.7.1. Tratamento de datos persoais do licitante ou adxudicatario por parte do órgano de contratación

Os datos persoais que o licitante ou adxudicatario facilite para a participación no presente procedemento de contratación e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados, na súa condición de responsable, pola Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense.

Os datos persoais proporcionados polo licitante ou adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas da mesma, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

No caso de que os licitantes facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Os interesados poderán acceder, suprimir e rectificar os seus datos así como exercitar outros dereitos, enviando un un email a expourense@expourense.org

9.7.2. Confidencialidade do licitante ou adxudicatario

O licitante ou adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- a utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas na mesma;
- a non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato;
- a facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obrigaçión de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial;
- a aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece;

Considerarase información confidencial aquela á que o adxudicatario acceda en virtude do

presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio.

Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información.

9.7.3 Condición de encargado do tratamento do adxudicatario

A entidade adxudicataria, respecto ao tratamento de datos persoais que puidese levar a cabo en virtude da prestación de servizos contratada, terá a consideración de encargado do tratamento para os efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RXPDP) polo que deberá dar cumprimento, ás obrigacións incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

- Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RXPDP ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.
- Levar por escrito, cando proceda segundo o artigo 30 do RXPDP, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.
- Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.

No caso de que estea permitida a subcontratación segundo o indicado nas condicións deste prego, autorízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Neste caso, as entidades subcontratistas, terán tamén a condición de encargado do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigacións establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao adxudicatario ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) ao mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante a Fundación de Feiras e Exposicións de Ourense no referente ao cumprimento das obrigacións.

- Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese

acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

- Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obrigaón.
- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obrigaón de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento de este, e á maior brevidade posible, canta información sexa necesaria ou relevante a este efectos.
- No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente polo adxudicatario, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento de recadar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RXPDP.
- Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RXPDP.
- Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.
- Implantar as previsións recollidas no R.D. 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
 - Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Poñer a disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigaóns, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado.

- Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto no artigo 37 do RXP, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, dos datos de carácter persoal e, no seu caso, dos soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Non obstante, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

9.8 PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

O contratista cédelle en exclusiva á Fundación a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Fundación adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e serán responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións imputables a el.

A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.

A cesión destes dereitos á Fundación contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.

O prezo pola cesión destes dereitos está comprendido no da licitación e a Fundación non está obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.

A execución do contrato leva consigo a cesión á Fundación contratante do dereito de uso dos ditos produtos. Ademais, esta poderá autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3 da LCSP.

9.9 MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

O contrato poderase modificar por razóns de interese público nas condicións e co alcance

e os límites expresados, se for o caso, na letra T do cadro de características do contrato, de conformidade cos artigos 203, 204 e a disposición adicional 33 da LCSP. A modificación en ningún caso pode alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación. A modificación do contrato realizarase de acordo co procedemento regulado no artigo 191 da LCSP e deberá formalizarse conforme o disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.

Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se preveu no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP.
- b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo as condicións pertinentes, no seu caso previa convocatoria e substanciación dunha nova licitación pública.

Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación

De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP, establécense os seguintes supostos de modificación:

- 1º) O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa

vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.

- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte as partidas con que se financian as prestacións contratadas para atender servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación exixida exceda o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

Obxecto das modificacións:

1.1.- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas.

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 40% do presuposto do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, no seu caso, no cadro de características e no prego de prescricións técnicas.

A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de no existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

1.2.- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato.

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades.

O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do triplo do prazo de execución previsto inicialmente.

2) A posibilidade de modificación do contrato naqueles outros supostos que a tal efecto se establezan no cadro de características que acompaña este prego e/ou no prego de prescricións técnicas, detallando as condicións nas que o órgano de contratación poderá facer uso desta potestade, o seu alcance e límites, así como a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Cando coma consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo deberá reaxustarse a garantía definitiva, aos efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos deben de ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

En ningún caso supoñerán o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato nin a alteración da natureza global do contrato inicial segundo o disposto no artigo 204 da LCAP.

En ningún caso a modificación pode alterar a natureza global do contrato inicial. Existirá tal alteración cando se substitúan as subministracións que se van adquirir por outras diferentes ou se modifica o tipo de contrato. Non se entenderá, porén, que se altera a natureza global do contrato se se substitúe algunha subministración puntual.

Segundo o disposto na D.A.33 da LCSP, no caso de que, dentro da vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, deberá tramitarse a correspondente modificación. Deberá estar prevista neste prego esta posibilidade. A modificación deberá tramitarse antes de que se esgote o orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

Cando como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía definitiva no prazo de 15 días contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación, segundo dispón o artigo 109 da LCSP.

Estes acordos deben ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse consonte ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da LCSP.

Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación

Unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público no caso de concorrer algunha das circunstancias previstas no artigo 205 da LCSP, sen que se produzan alteracións das condicións esenciais da licitación e adxudicación.

Estas modificacións limitaranse a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista, a condición de que esta cumpra todos os requisitos recollidos no apartado primeiro do artigo 205 da LCSP, son os seguintes:

a) Cando fose necesario engadir **subministracións adicionais** ás inicialmente contratadas, a condición de que se dean os dous requisitos seguintes:

- Que o cambio de contratista non fose posible por razóns de tipo económico ou técnico, por exemplo que obrigase ao órgano de contratación a adquirir subministracións con características técnicas diferentes ás inicialmente contratadas, cando estas diferenzas dean lugar a incompatibilidades ou a dificultades técnicas de uso ou de mantemento que resulten desproporcionadas; e, así mesmo, que o cambio de contratista xerese inconvenientes significativos ou un aumento substancial de custos para o órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo a necesidade de celebrar unha nova licitación para permitir o cambio de contratista.

- Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

b) Cando a necesidade de modificar un contrato vixente se derive de **circunstancias sobrevidas e que fosen imprevisibles no momento en que tivo lugar a licitación do contrato**, a condición de que se cumpran as tres condicións seguintes:

- Que a necesidade da modificación derive de circunstancias que unha Fundación dilixente non puidese prever.
- Que a modificación non altere a natureza global do contrato.
- Que a modificación do contrato implique unha alteración na súa contía que non exceda, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme a este artigo, do 50 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído.

c) Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións

non se incluíron no contrato inicial.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, **unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:**

- Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.
- Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.
- Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

- O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 10 por cento do prezo inicial deste, IVE excluído
- As subministracións obxecto de modificación se atopen dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se tivese iniciado a tramitación do expediente de contratación.

Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o seu prezo, deberá readaptarse a garantía, para que garde a debida proporción co prezo modificado, no prazo de quince días contados desde a data en que se lle notifique ao empresario o acordo de modificación. Para estes efectos non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión.

Obrigatoriedade das modificacións:

Nos supostos de modificación do contrato recollidas no artigo 205 da LCSP, as modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas cando impliquen, illada ou conxuntamente, unha alteración na súa contía que non exceda do 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído.

Cando de acordo co disposto no apartado anterior a modificación non resulte obligatoria para o contratista, a mesma só será acordada polo órgano de contratación previa conformidade por escrito do mesmo, resolvéndose o contrato, en caso contrario, de conformidade co establecido na letra g) do apartado 1 do artigo 211.

9.10 SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Fundación acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Fundación aboará ao contratista, se for o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme o disposto no artigo 307 da LCSP.

9.11 INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total do contrato, o contratante poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato, con perda, se for o caso, da garantía constituída, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, IVE excluído, ou polas penalidades que se establecesen na letra S do cadro de características do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato, IVE excluído, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá o contratante respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Fundación polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Fundación.

Se se produce atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Fundación poderá, por petición deste ou de oficio, conceder a prórroga adecuada, de acordo co disposto no artigo 195 da LCSP.

No caso de que o contratista realice defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para isto, a que se refiren a cláusula 5 e a letra F.5 do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 % do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total das mesmas superar o 50% do prezo do contrato (art. 192 da LCSP).

Cando o incumprimento ou o cumprimento defectuoso da prestación afecte características

desta que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 192 da LCSP, establecer penalidades ou atribuír á puntual observancia destas características o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos do artigo 211 da LCSP. Observarase o indicado nas letras S e U do cadro de características do contrato.

No caso de que o contratista incumpra as condicións especiais de execución do contrato establecidas na cláusula 9.1 e en letra N do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, así como no artigo 202 en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou de outro orde, establecer penalidades ou atribuírlles o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos do artigo 211 da LCSP. O incumprimento das ditas condicións poderá ser considerado infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP se así se indica na letra N do cadro de características do contrato. Observarase o indicado nas letras S e U do cadro de características do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor as penalidades previstas na letra S do cadro de características do contrato.

Considerarase incumprimento grave, que xustificará a resolución do contrato, a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións. Nestes casos, sempre que existan indicios de delito contra os dereitos dos traballadores/as, o órgano de contratación porao en coñecemento do Ministerio Fiscal.

9.12 FORMA DE PAGAMENTO

O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Fundación de acordo coas condicións establecidas no contrato (art. 301 da LCSP).

No contrato de subministración no que a determinación do prezo se realice mediante prezos unitarios, poderá incrementarse o número de unidades a subministrar ata a porcentaxe do 10% do prezo do contrato, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación, sempre que se estableza así neste prego e se teña acreditada o correspondente financiamento no expediente orixinario do contrato (art. 301.2 da LCSP).

O pagamento do prezo realizarase de acordo cos prazos previstos na letra P do cadro de características do presente prego, e logo de informe favorable ou conformidade do funcionario ou órgano directivo que reciba ou supervise o traballo ou, se for o caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste.

A Fundación terá a obrigaón de aboar o prezo do contrato dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización por custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que teña lugar o inicio do cómputo do prazo para o devengo de xuros, o contratista debe cumprir coa obrigaón de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva dos bens.

9.13 TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Fundación poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que ese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Fundación, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á Fundación do acordo de cesión por parte do contratista.

10 SUCESIÓN DA PERSOA DO CONTRATISTA

De acordo co artigo 98 da LCSP, nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigaóns dimanantes deste. Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas da súa actividade, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigaóns dimanantes deste, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores, a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

Cando como consecuencia das operacións mercantís a que se refire o parágrafo primeiro se lle atribúise o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio

da entidade outorgante da mesma, renovada ou substituída por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constituía esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía.

Cando o contratista inicial sexa unha unión temporal de empresas, estarase ao establecido no artigo 69 da LCSP.

11 CESIÓN DO CONTRATO E SUBCONTRATACIÓN

11.1 CESIÓN DO CONTRATO

A cesión dos dereitos e obrigas deste contrato unicamente poderá levarse a cabo nos supostos en que así se indique **expresamente** no apartado Q do cadro de características e cos límites e condicións establecidos no artigo 214 da LCSP.

11.2 SUBCONTRATACIÓN

Salvo que na letra Q do cadro de características se prohiba a subcontratación, o contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato nas condicións que se indiquen no dito cadro, de conformidade co artigo 215 da LCSP.

A celebración dos subcontratos estará sometida ao cumprimento dos requisitos sinalados no artigo 215 da LCSP.

Se no apartado Q do cadro de características se impuxese aos licitadores a obriga de indicar na oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización, os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación e achegado as xustificacións a que se refire a letra b) do artigo 215 da LCSP, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Fundación non notificase dentro deste prazo a súa oposición aos mesmos. Este réxime será igualmente aplicable se os subcontratistas fosen identificados na oferta mediante a descrición do seu perfil profesional.

A infracción das condicións establecidas para proceder á subcontratación, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas nesta Lei, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias, cando así se prevexa no apartado S do cadro de características:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50 por 100 do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211.

Os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Fundación, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares ou documento descritivo, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201.

O coñecemento que teña a Fundación dos subcontratos celebrados en virtude das comunicacións a que se refiren as letras b) e c) do apartado 2 deste artigo, ou a autorización que outorgue no suposto previsto na letra d) do dito apartado, non alterarán a responsabilidade exclusiva do contratista principal.

En ningún caso poderá concertarse polo contratista a execución parcial do contrato con persoas inhabilitadas para contratar de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71.

O contratista deberá informar os representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada

Sen prexuízo do establecido na disposición adicional quincuaxésima primeira, os subcontratistas non terán acción directa fronte á Fundación contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista está obrigado a abonar aos subcontratistas ou subministradores o prezo pactado nos prazos e condicións que se indican no artigo 216 da LCSP.

A Fundación poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, os contratistas adxudicatarios remitirán ao ente público contratante, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán achegar a solicitude do ente público contratante xustificante de cumprimento dos pagos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigacións, que en todo caso incluíranse nos anuncios de licitación e nos correspondentes pregos de condicións ou nos contratos, considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalizacións que para tal efecto se establecen, de ser o caso, na letra S do cadro de características do contrato.

En caso de subcontratación total ou parcial do obxecto do contrato, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o contrato prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán así mesmo de aplicación os requisitos establecidos na normativa de protección de datos persoais.

12 EXTINCIÓN DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, **o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.**

12.1 CUMPRIMENTO DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se for o caso, no de prescricións técnicas, e á satisfacción da Fundación, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes de terse producido a entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine na letra V do cadro de características do contrato.

Se os bens non se achan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do contrato susceptibles de seren executadas por fases e de seren utilizadas de forma separada ou independente

12.2 RESOLUCIÓN DO CONTRATO

O contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 211 e 306 da LCSP, o que dará lugar aos efectos previstos nos artigos 213 e 307 da LCSP.

Nos casos en que se exixa o deber de gardar sxiilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sxiilo a que se refire a cláusula

9.6, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

12.3 GARANTÍA DA SUBMINISTRACIÓN

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica na letra E do cadro de características do contrato, ou o que, se for o caso, se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado desde a data de recepción ou conformidade.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos en que non resulte necesario, en atención á natureza e características dos bens; neste suposto sinalarase esta circunstancia na citada letra do cadro de características

Se durante o prazo de garantía se acredítase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a Fundación terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.

Durante o prazo de garantía o contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.

Se durante o prazo de garantía o órgano de contratación estima que os bens subministrados non son aptos para a finalidade pretendida, como consecuencia dos vicios ou defectos imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos bens non serán bastantes para lograr aquela finalidade, poderá, antes de rematar o prazo de garantía, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obrigaçión de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Rematado o prazo de garantía sen que a Fundación formalizase ningún dos reparos ou denuncias aos que se refire o artigo 305 da LCSP, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

12.4 DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigaçións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, se for o caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.

No suposto de recepción parcial, autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción

formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 110 da LCSP.

Cando o valor estimado do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

Ourense,

Rogelio Martínez González

Director Xerente da entidade contratante

ANEXO I

ORIENTACIÓNS PARA CUBRIR O DEUC

Para facilitar a formalización por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento (UE) nº 2016/7, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta, dentro do punto titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así, en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no rexistro de licitadores que corresponda, xa sexa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (Rolece) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 339 da LCSP, coa condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (endereço da internet, todos os datos de identificación e, se é o caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no Rolece ou no RXCG, a seguir esta recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben ser subministrados, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios, limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclama o formulario son ou non son potencialmente inscribíbles, e a empresa debe asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou, de p estaren, non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores, así mesmo, ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así, aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a substanciación do procedemento de contratación e para garantir o seu bo desenvolvemento para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá exixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no punto anterior do mesmo artigo ao eximir os licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo rexistro de licitadores que corresponda [Rolece ou RXCG].

Parte I.

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de

contratación.

A súa formalización non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II.

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun rexistro de licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita neles ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo orientativo, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC, en todo caso, por non figuraren en poder do Rolece ou RXCG.

Que datos son susceptibles de estar inscritos no Rolece ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cubrir no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros e, se o están, deberá asegurarse de que constan nel de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	É un dato/información susceptible de estar inscrito no Rolece ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste punto deben ser cubertos pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se é o caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou	Si () Non () Non procede ()

<p>ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?</p>	
<p>En caso afirmativo: -Rexistro en que está inscrito e número de inscrición</p>	<p>() Rolecesp () Rexistro Xeral de Contratistas da C.A. de Galicia</p>
<p>Certificación en formato electrónico</p>	<p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa) () Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p>
<p>Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista</p>	
<p>Coa clasificación cúmprense todos os criterios de selección? En caso negativo, cubra a parte IV deste formulario (seccións A ,B, C ou D, segundo proceda.</p>	<p>Si () Non ()</p>
<p>Poderá a empresa presentar</p>	

<p>un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Dispoñible en formato electrónico</p>	<p>Si () Non ()</p> <p>Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:</p> <p>http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p>
---	---

<p>Forma de participación.</p>	
<p>Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?</p>	<p>Si () Non ()</p>
<p>En caso afirmativo</p> <p>b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.</p>	<p>Identificar con NIF, NIE, VIES ou DUNS de la empresa.</p> <p>No caso de estar nalgún dos rexistros de licitadores, indicar:</p> <p>() Rolecesp: https://registrodelicitadores.gob.es, Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (como número de inscrición ou certificación basta con consignar o propio NIF, NIE, VIES ou DUNS da empresa)</p> <p>() Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____</p> <p>http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta Consultiva de Contratación Administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia</p>

Na parte II, na letra B, denominado Información sobre os representantes do operador económico, a sección dedicada á representación non é necesario que sexa cuberta se o licitador está no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección B	
<p>Representación</p> <p>Nome e apelidos:</p> <p>Cargo:</p> <p>Enderezo postal:</p> <p>Teléfono:</p> <p>Correo electrónico:</p> <p>Información sobre representación (forma, alcance, finalidade...)</p>	<p>NON CUBRIR SE ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS</p>

Parte III.

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle ningunha referencia á nosa lexislación, para facilitar a adecuada formalización por parte das empresas desta parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último, os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

Nótese que España traspuxo a regulación das prohibicións de contratar que establece a DN mediante a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que modifica a regulación desta materia no TRLCSP, concretamente dando nova redacción aos artigos 60 e 61 e creando «ex novo» o artigo 61 bis, polo que, con carácter xeral, nesta materia non procede falar de efecto directo senón de mera aplicación de normas nacionais.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no *Rolece e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, nº de sección	DN	LCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda pública e a Seguridade Social relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social)
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pagamento de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas conforme a Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria).
Sección C		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).
Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional).
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta	Artigo 57.4,	Artigo 71.1.g) e h).

pregunta	letra e).	
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 71.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Sección D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do Estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non ()
	Se é afirmativo, adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:

Parte IV.

Relativa aos criterios de selección.

Bastará responder SI ou NON no apartado A: INDICACIÓN GLOBAL RELATIVA A

TODOS OS CRITERIOS DE SELECCIÓN, de forma que queda excluída a formalización dos puntos seguintes:

- A. Idoneidade
- B. Solvencia económica e financeira
- C. Capacidade técnica e profesional
- D. Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Parte V.

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos a que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cubrir esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI.

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cuberta e asinada pola empresa interesada en todo caso.

establecidos nesta.

- Que ostento poderes abondo para representar á entidade licitadora.
- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil que represento (**consignar o que proceda**):

- Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no cal concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.
- Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no cal concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b)
 - c).....
 - ...

e a entidade que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.

- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, para efectos de notificación, o nome e os apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.
- Que a condición da miña empresa é:
 - PEME
 - NON PEME

(A efectos de cumprimentar este apartado considérase PEME a empresa que ocupa a menos de 250 persoas e cun volume de negocio anual que non excede de 50 millóns de euros ou cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros).

- Que a empresa conta cos medios persoais suficientes para a prestación do servizo e que teñen a formación e certificacións do fabricante adecuadas para prestar o servizo de forma correcta.

2. ACEPTACIÓN Á CONSULTA DE DATOS

De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, autorizo ao órgano de contratación a consultar os datos que obran en poder das administracións públicas e que se requiren para este procedemento.

3. COMUNICACIÓNS E NOTIFICACIÓNS

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as comunicacións que se efectúen no correo electrónico: _____(No caso de presentarse en UTE, deberán indicar un único correo electrónico)

4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL

Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP, declaro como confidencial a seguinte documentación contida na oferta:

.....
.....
.....
.....

Motivación:

5. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE

- Non achego documentación de desempate
- Comprométome a achegar a seguinte documentación de desempate.

....

...

6. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL (só para empresarios estranxeiros)

- Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, poidan xurdir do contrato con renuncia, se for o caso, ao foro xurisdiccional

estranxeiro que me poida corresponder.

....., ... de de 20...

(Lugar e data)

Sinatura:

ANEXO III

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E TÉCNICA

(referida a criterios avaliados a través de fórmulas matemáticas)

Número de expediente: 1 - 2022

Denominación do contrato: **CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDIACIÓN, DO SERVIZO DE MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, MOBILIARIO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACCESORIOS PARA AS FERIAS DO ANO 2022 DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓN DE OURENSE - EXPOURENSE.**

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Enderezo: _____ -

Entidade mercantil que representa: _____

NIF: _____ Cargo: _____

MANIFESTA

Que, coñecido o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que deben rexer a contratación referida e aceptando íntegra e incondicionalmente o seu contido, se compromete a executar o contrato de referencia, con estrita suxeición aos requisitos e condicións sinalados nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, nas seguintes condicións*:

1. Oferta económica (O importe debe expresarse claramente en números e letras):

Tipo de Unidades	M2 Unidades	Prezo Unitario (en cifra)	Prezo Total sen IVE (en cifra)	IVE (en cifra)
Stand modular	1700			
Stand equipado básico modular	700			
Stand de Deseño corporativo estructura modular	400			
Stand deseño corporativo madeira e cor	380			
Moqueta	4000			
Mobiliario: Mesas de madeira ou metacrilato	140			
Mobiliario: Cadeiras de madeira	340			
Mobiliario: Mostradores	95			
Mobiliario: Estanterías	21			
Mobiliario: Neveiras	10			
Aulas Gastronómicas	1 (almacén de 30 m2 más tarima de 18 m2) 2 (almacén de 30 m2)			
Aula de Cata	1 (80m)			
Túnel do viño	150			

Panel modular	140			
Focos	35			
Tarima con moqueta	50 metros			
Bar de Augas	60			
Vitrinas	13			
Puertas almacén	16			
Gráficas	200 metros			
Rótulos	71			
Logos 1 x 1 m2	87			
Centro de Negocios	300			
Acometida eléctrica	52			
Tomas agua e desaugue fregadeiro	14			
Restaurantes	8 Rtes. 1452 M2			
ORZAMENTO TOTAL				

2. Así mesmo, comprométese ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en:

- Materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo
- E de protección de datos de carácter persoal.

Para todos os efectos, a presente oferta comprende non só o prezo do contrato como tal,

senón tamén o importe do imposto sobre o valor engadido, a teor do disposto no artigo 25 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, polo que se aproba o regulamento do mencionado imposto, e que se indica como partida independente de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP.

.....de.....de.....

(Sinatura e selo do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INSCRICIÓN EN REXISTROS DE LICITADORES E DE NON VARIACIÓN DOS DATOS REFLECTIDOS NOS SEUS CERTIFICADOS

Número de expediente: 1 - 2022

Denominación do contrato: **CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO , NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDIACIÓN, DO SERVIZO DE MONTAXE, MANTEMENTO E DESMONTAXE DE STANDS, MOQUETA, TARIMA, MOBILIARIO E PRESTACIÓN DE SERVIZOS ACCESORIOS PARA AS FERIAS DO ANO 2022 DA FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE - EXPOURENSE.**

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

Enderezo: _____ -

Entidade mercantil que representa: _____

NIF: _____ Cargo: _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que a entidade se encontra inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran

respecto dos requisitos exixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Rexistrō Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público

Rexistrō Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (núm. _____).

AUTORIZO o órgano de contratación a solicitar os datos que figuren en poder da Administración que sexan necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Sinatura e selo: